

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 23 DE MARZO DE 2026,
BAIXO A PRESIDENCIA DE
ALFONSO RUEDA VALENZUELA**

ACORDOS**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES**

- Acordo polo que se autoriza o establecemento de pagamentos anticipados en porcentaxe superior á recollida na normativa de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e a Unión de Federacións Deportivas Galegas, para o desenvolvemento de actuacións de formación, asesoramento e apoio ás federacións deportivas galegas no ano 2026, por importe de cincuenta mil euros (50.000,00€).

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

- Acordo polo que se toma razón do Acordo de colaboración entre Augas de Galicia e a Fundación pública galega Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia, en materia de cálculo intensivo do sistema Merlín, de alerta temperá para a predición de riscos de inundacións nos ríos da Demarcación Hidrográfica de Galicia Costa, por importe de sesenta e catro mil cincocentos cincuenta e oito euros con trece céntimos (64.558,13€).

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á prevista na normativa de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Federación Galega de Enfermidades Raras e Crónicas, para o financiamento dun programa de intervención social destinado a mellorar a calidade de vida das persoas afectadas de enfermidades raras e/ou crónicas e das súas familias, e do mantemento da federación para o exercicio 2026. Importe: trinta e tres mil trescentos dez euros (33.310,00€).

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello do Grove, para a humanización dun tramo urbano da PO-316, rúa Luís A. Mestre, por importe total de dous millóns seiscentos mil euros (2.600.000,00 €).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza o Instituto Galego da Vivenda e Solo para a licitación das obras de construción de dous edificios para 50 vivendas de promoción pública (VPP), garaxes, rochos e locais nas parcelas M-IIIB-11 e M-IIIB-12 do Plan parcial de San Paio de Navia, Vigo (Pontevedra), cun orzamento de licitación de dez millóns setecentos sesenta e dous mil trescentos corenta e dous euros con catro céntimos (10.762.342,04 €), IVE incluído, e un valor estimado de nove millóns setecentos oitenta e tres mil novecentos corenta e sete euros con trinta e un céntimos (9.783.947,31 €), IVE excluído.
- Acordo polo que se toma razón do acordo de aprobación inicial do proxecto de interese autonómico para a creación de solo destinado maioritariamente á construción de vivendas sometidas a algún réxime de protección pública en Pontevedra (S B-5 Sector leste-estrada de San Mauro).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación, mediante contrato derivado do acordo marco MA-ASO1-22-017, para a subministración sucesiva de implantes de columna con destino a Área Sanitaria de Vigo, para un período de dous anos de contrato máis dous anos de prórroga e unha posible modificación dun 20%, o que ascende a un valor estimado de seis millóns cincocentos trinta e catro mil euros (6.534.000,00€) e un orzamento total de licitación de tres millóns douscentos sesenta e sete mil euros (3.267.000,00€) IVE incluído.
- Acordo polo que se autoriza a contratación, mediante acordo marco cun único adxudicatario por lote, da subministración sucesiva de implantes para o tratamento da dor, xeradores e bombas con destino ás áreas sanitarias do Servizo Galego de Saúde, para un período de dous anos de contrato máis dous anos de prórroga e cun valor estimado de vinte e dous millóns novecentos setenta e sete mil setecentos trinta e nove euros con trinta e dous céntimos (22.977.739,32€) e un orzamento total de licitación de once millóns cincocentos quince mil cento oitenta e nove euros con cincuenta e nove céntimos (11.515.189,59€) IVE incluído.

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

- Acordo polo que se autoriza a Axencia Galega das Industrias Culturais para a realización de pagamentos anticipados ata o 80 % da subvención concedida e a exención de constituír garantía para os pagamentos anticipados e á conta na Resolución pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència non competitiva, das axudas para a realización de rodaxes audiovisuais en Galicia, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do programa Galicia Feder 2021-2027, e se procede á súa convocatoria para o exercicio 2026, por importe de dous millóns douscentos mil euros (2.200.000,00€).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto que ten por obxecto a contratación, polo procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada, do servizo dun avión para a coordinación e observación, destinado á prevención e defensa contra os incendios forestais durante os anos 2026, 2027, 2028 e 2029, polo importe de licitación de tres millóns seiscientos noventa e un mil douscentos vinte e catro euros (3.691.224,00 €), exento de IVE, e cun valor estimado (posibles prórrogas e modificacións incluídas) de cinco millóns setecentos setenta e un mil novecentos sesenta e dous euros con oitenta céntimos (5.771.962,80 €).

INFORMES

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Informe sobre o proxecto de rehabilitación da Casa Reitoral de Dozón para albergue de peregrinos.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

- Informe sobre os servizos de tempada no litoral de Galicia para o ano 2026.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP

- Informe sobre a acreditación de competencias profesionais.

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Informe sobre o grao de avance no cumprimento das recomendacións do Consello de Contas de Galicia.
- Informe sobre o impacto fiscal das medidas adoptadas polo Goberno central para paliar os efectos da crise económica pola guerra en Oriente Medio.

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Informe sobre a próxima licitación do contrato de reforzo de firme nas estradas LU-633, LU-546 e LU-621 nos concellos do Corgo, Portomarín, Pedrafita do Cebreiro, Baralla, Láncara, Paradela, O Páramo, Sarria, Triacastela e Monforte de Lemos, de clave LU/25/214.02), cun orzamento base de licitación, IVE incluído, de tres millóns seiscientos vinte e nove mil seiscientos setenta e nove euros con noventa e un céntimos (3.629.679,91 €).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Informe sobre a próxima licitación da obra: senda peonil na AC-862 (Ortigueira), de clave AC/24/068.06, cun orzamento base de licitación, IVE incluído, de catrocentos un mil oitocentos catro euros con vinte e tres céntimos (401.804,23 €).

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

- Informe sobre as Torres de Meirás.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe sobre o avance das principais novidades do Pladiga 2026.

CONSELLERÍA DO MAR

- Informe das medidas adoptadas pola Consellería do Mar de cara á recuperación dos bancos marisqueiros.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA 50.000 € Á FORMACION, AO ASESORAMENTO E AO APOIO DAS FEDERACIÓNS DEPORTIVAS GALEGAS

O Consello da Xunta autoriza o acordo coa Unión de Federaci3ns Deportivas Galegas (Ufedega) co obxectivo de acadar unha maior especializaci3n destas entidades e reforzar a promoci3n do deporte

O Consello da Xunta autorizou hoxe o establecemento de pagamentos anticipados do convenio de colaboraci3n coa Uni3n de Federaci3ns Deportivas Galegas (Ufedega) para o desenvolvemento de actuaci3ns de formaci3n, asesoramento e apoio 3s federaci3ns deportivas galegas. O acordo, dotado con 50.000 euros, vai destinado a financiar os gastos ocasionados con motivo da realizaci3n de programas de formaci3n, asesoramento e apoio 3s federaci3ns deportivas galegas a que representa Ufedega. Esta achega sup3n un 25% m3is que o ano pasado e s3mase aos 188.500 euros investidos no marco desta colaboraci3n desde 2019.

Deste xeito, con este convenio pret3ndese conseguir unha maior especializaci3n e formaci3n das federaci3ns deportivas galegas, as3 como unha maior protecci3n da sa3de do deportista. Ao mesmo tempo, b3scase fomentar o deporte en toda a sociedade, en particular en idade escolar, e promover o deporte de competici3n e alto nivel. Polo tanto, con este apoio da Xunta a cidadan3a ten acceso 3 pr3ctica da actividade deportiva federada e a un mellor servizo por parte das federaci3ns deportivas galegas, que poden levar a cabo as s3as funci3ns.

Nesta li3a, entre os gastos financiados incl3ense os do servizo de asesoramento xur3dico-deportivo e do servizo destinado 3 organizaci3n de acci3n formativas para as federaci3ns galegas. O programa formativo previsto para este 2026 diferencia entre a formaci3n regulada para t3cnicos e persoal federativo e outras acci3ns f3ra do 3mbito da formaci3n regrada aplicadas 3 xesti3n e comunicaci3n federativa e centradas en mellorar as competencias profesionais do persoal t3cnico e directivo das entidades en xornadas de catro horas con relatores e profesionais de referencia.

O acordo recolle tam3n o apoio actuaci3ns de comunicaci3n e promoci3n do deporte federado coa finalidade de reforzar a presenza p3blica da entidade.

A Uni3n de Federaci3ns Deportivas Galegas ten como principal obxectivo o asesoramento, formaci3n e defensa dos intereses das 57 federaci3ns deportivas galegas que forman parte da entidade e dos seus clubs deportivos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA REFORZA O SISTEMA MERLIN PARA OPTIMIZAR A CAPACIDADE DE GALICIA DE ANTICIPAR O RISCO DE INUNDACIÓNS CUN INVESTIMENTO DE CASE 700.000 €

- Augas de Galicia está a executar un contrato de preto de 632.000 € para introducir novas melloras tecnolóxicas neste dispositivo punteiro, que emprega para predicir con tres días de adianto posibles enchentes na Demarcación Galicia-Costa
- Os cambios incrementarán o número de modelos e puntos de predición, mellorando a precisión, a cobertura territorial e a capacidade de resposta en tempo real
- O Consello autoriza tamén un convenio entre o organismo hidráulico e o Cesga para reforzar a súa colaboración e pór os seus supercomputadores ao servizo das necesidades de cálculo intensivo cada vez maiores que exige a evolución do sistema
- A modo de exemplo, para poder facer cada día as novas predicións de inundacións de Merlin necesitaríanse 1.216 horas de cálculo, algo inviable para ordenadores normais
- Grazas a estas actuacións poderase responder con maior fiabilidade ante episodios de inundación, reforzando a protección da cidadanía e situando Galicia na vangarda da aplicación da tecnoloxía máis avanzada na xestión do risco hidrolóxico

A Xunta segue apostando por optimizar a súa capacidade para anticipar e previr posibles inundacións dentro do ámbito da Comunidade Autónoma, un dos riscos naturais con maior impacto sobre a poboación e as infraestruturas.

Con tal fin, investirá case 700.000 euros en reforzar o funcionamento de Merlin, un sistema de alerta temperá punteiro, desenvolvido hai uns anos por Augas de Galicia en colaboración coa Universidade da Coruña e que integra nunha única ferramenta modelos meteorolóxicos, hidrolóxicos e hidráulicos, ofrecendo deste xeito predicións máis precisas e en tempo real nos ríos da Demarcación de Galicia-Costa que garantan unha xestión eficiente e a mitigación dos riscos asociados a este tipo de episodios.

Para avanzar na optimización deste sistema de referencia, que permite prever a 3 días vista posibles desbordamentos na bacía autonómica con base nas predicións de MeteoGalicia e da Aemet —entre outros datos— e establecer as correspondentes alertas, o Consello foi informado hoxe de que o organismo hidráulico está a executar un contrato por importe de 631.879,24 euros e financiado con fondos europeos, que permitirá ampliar o número de modelos, mellorar a calibración e validación das predicións, reforzar a capacidade de resposta en tempo real e aumentar a cobertura en zonas de risco potencial significativo de inundación.

As actuacións que se van executar inclúen tamén a actualización do visor web do dispositivo e a mellora da xestión de bases de datos para facilitar a visualización das predicións e a análise de datos meteorolóxicos e hidrolóxicos de forma máis áxil e accesible. A evolución de Merlin, polo tanto, suporá un incremento notable na complexidade dos cálculos e no volume de información que haberá que procesar, o que

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

requerirá a curto prazo do uso de infraestruturas de supercomputación avanzada para poder atender estas novas necesidades de cálculo intensivo e de procesamento de datos.

Por iso, e co fin de dar resposta a estas novas exixencias, o Consello autorizou a sinatura dun acordo de colaboración entre Augas de Galicia e a Fundación pública Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia (Cesga) en materia de cálculo intensivo, comunicacións e almacenamento de datos do sistema Merlin.

A modo de exemplo, cómpre indicar que, para poder facer as novas predicións de inundacións diarias de Merlin, se necesitarían 1.216 horas de cálculo. Como isto non é viable para ordenadores normais, recórrase ao Cesga, que ten capacidade para calcular simultaneamente nos 100 puntos de control de Galicia-Costa (o que se coñece como calcular en paralelo) e pode obter en poucas horas o que doutra forma suporía máis de 50 días de cálculos para ter a predición dun só día.

Con vixencia ata finais de 2029 e un orzamento de 64.558 euros para cubrir os traballos descritos, este convenio daralle continuidade á cooperación que xa mantiveron ambos os organismos nos últimos catro anos e permitirá adaptar os seus termos ás novas necesidades derivadas da propia evolución de Merlin e da capacidade de supercomputación necesaria para que poida seguir crescendo e perfeccionándose.

Neste contexto, o Cesga constitúe o organismo idóneo para prestar este tipo de soporte, dado que dispón dos medios técnicos e humanos necesarios e máis modernos para garantir a execución eficiente dos procesos de cálculo e o correcto funcionamento do sistema de alerta temperá de Augas de Galicia nesta nova fase de desenvolvemento.

Todas estas melloras contribuirán ao obxectivo da Xunta de anticiparse aos riscos de inundación en Galicia e garantirán a toma de decisións baseadas en datos fiables, nun coñecemento técnico avanzado e na análise rigorosa do territorio. En definitiva, contará coas ferramentas necesarias para responder con maior fiabilidade ante episodios de enchentes, reforzando así protección da cidadanía e situando Galicia na vangarda da aplicación da tecnoloxía máis avanzada na xestión do risco hidrolóxico.

65 M€ ata 2030 fronte ás inundacións

Cómpre lembrar que, ademais de Merlin, o sistema de predición e prevención ante o risco de inundacións se apoia tamén na rede oficial de medición e control hidrolóxico da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa, dotada de 95 estacións repartidas por toda a bacía e que permite coñecer en tempo real o comportamento dos ríos e a evolución dos caudais, cun investimento anual por parte da Xunta de arredor de 500.000 euros.

Así mesmo, Augas de Galicia traballa noutras melloras no eido da predición coa posta en marcha do proxecto Aquatwin, que vai permitir contar cun xemelgo dixital das bacías hidrográficas que integrará datos históricos e en tempo real.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Esta iniciativa, cun orzamento de arredor de 3 millóns de euros, suporá un paso decisivo na capacidade de simular escenarios complexos, avaliar o impacto das presións humanas e ambientais nos contornos fluviais e apoiar a toma de decisións estratéxicas, optimizando a planificación das actuacións no dominio público hidráulico e o uso dos recursos públicos.

Para reforzar o seu modelo de actuación integral fronte ás inundacións, a Xunta traballa a través dun conxunto de accións que abranguen non só a prevención, senón tamén a planificación, a conservación e a execución de obras para mellorar o comportamento das canles fluviais e reducir o impacto dos desbordamentos no contorno. En total, destinará un investimento -ata 2030- de máis de 65 millóns de euros co fin de que a comunidade estea máis preparada e sexa resiliente na xestión da auga e na protección dos ríos e da cidadanía fronte aos riscos derivados do cambio climático.

A previsión para o vindeiro lustro inclúe numerosas actuacións en espazos urbanos en colaboración cos concellos situados en áreas con risco potencial significativo de inundación (ARPSI) que suman un investimento de arredor de 35 millóns. Nesta partida destacan obras en distintos municipios para evitar o desbordamento das canles fluviais e os prexuízos que adoitan causar nas persoas e negocios asentados na trama urbana, entre elas algunhas xa rematadas, como as de Carballo ou Neda, e outras en planificación, como as previstas en Sada, Gondomar, Padrón ou Valga, entre outras.

Ademais, nos próximos anos poranse en marcha as primeiras zonas de inundación controladas de Galicia, un tipo de infraestruturas innovadoras que permiten laminar os caudais en episodios de choiva intensa xerando ao mesmo tempo zonas verdes para dar máis espazo aos ríos, recuperar canles naturais, eliminar barreiras artificiais e integrar os cursos fluviais no tecido urbano. Neste momento están xa identificadas as sete primeiras zonas deste tipo e estanse a facer os traballos de definición dos proxectos concretos, sendo as actuacións máis avanzadas as de Ponteceso e Pontevedra.

A estas actuacións nas tramas urbanas e periurbanas engádense os traballos constantes de mantemento e conservación do dominio público hidráulico na bacía Galicia-Costa, que inclúen a retirada de obstáculos e acumulacións de materiais, o control e xestión de vexetación, a eliminación de especies exóticas invasoras e a mellora da sección hidráulica das canles. A Xunta vai reforzar este labor, elevando os investimentos anuais ata os 4 millóns, co cal a previsión ata 2030 acada os 20 millóns de euros.

Estas actuacións sobre o terreo contan en paralelo cun importante traballo de concienciación e divulgación á cidadanía sobre a transcendencia dos ríos nos ecosistemas, a relevancia de actuar adecuadamente no seu contorno e explicar cal é o obxectivo das accións que executan as administracións para mellorar o comportamento das canles fluviais fronte ás inundacións.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Neste eido, o Executivo galego ten en marcha a *Campaña de concienciación en áreas con risco potencial significativo de inundación*, que conta cun orzamento de arredor de 700.000 euros e inclúe tanto accións nos colexios como a colocación de paneis informativos para concienciar a cidadanía sobre os perigos e implicacións das ARPSI e informar das medidas preventivas e pautas de actuación en caso de inundación.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA RENOVA O SEU APOIO ÁS ENTIDADES QUE TRABALLAN NA ATENCIÓN A PERSOAS CON ENFERMIDADES RARAS E CRÓNICAS

A Consellería de Política Social e Igualdade destina 33.310 euros ao convenio anual de colaboración con Fegerec

O Consello da Xunta deu luz verde hoxe a un convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Federación Galega de Enfermidades Raras e Crónicas (Fegerec) para este ano 2026. O Goberno galego achegará un total de 33.310 euros para apoiar o traballo desta federación, centrado en mellorar a calidade de vida das persoas afectadas por estas doenzas e das súas familias.

A través deste acordo, a Xunta contribúe a financiar o funcionamento e as actuacións no eido social que leva a cabo Fegerec. Estímase que máis de 2.000 persoas resultarán beneficiadas deste convenio, que se vén renovando de maneira anual.

Neste sentido, os fondos deste convenio destínanse a sufragar servizos e programas que presta esta federación, e que abranguen aspectos como a rehabilitación fisioterapéutica, o apoio psicolóxico a enfermos e familiares, a terapia ocupacional, iniciativas de autonomía persoal ou de mediación e asesoría xurídica, entre outros.

Esta colaboración con Fegerec forma parte dos 12 convenios nominativos que a Consellería de Política Social e Igualdade asinará ao longo deste exercicio coas grandes federacións do ámbito da discapacidade e que suman un valor total de preto de seis millóns de euros. O obxectivo destes convenios é garantir o labor e os servizos que presta o tecido asociativo en favor das persoas con discapacidade e as súas familias.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A ACHEGA DE 1,7 M€ PARA A HUMANIZACIÓN DA TRAVESÍA DA ESTRADA PO-316 AO SEU PASO POLA RÚA LUÍS A. MESTRE, NO CONCELLO DO GROVE

- O Executivo aproba o convenio co Concello por 2,6M€ para a mellora de mobilidade e seguridade nesta vía de acceso ao núcleo urbano do municipio e ao porto de Meloxo, cun elevado volume de tráfico
- A actuación desenvolverase ao longo dun tramo aproximado de 890 metros da vía, entre a rúa Borreiros e o desdoblamento da rúa da Praza, coa finalidade última de satisfacer as necesidades de todos os usuarios, os condutores e os peóns
- A Xunta achegará 1,7M€, o 65,38% do financiamento das actuacións e a Administración local asumirá o 34,62% restante do custo das obras, que tamén executará
- O Concello do Grove acepta tamén a transferencia de todo o dominio público viario do treito da PO-316 entre os puntos quilométricos 4+440 e 5+510, cuxa acta de entrega será asinada antes do inicio da execución das obras
- O Goberno galego, nesta colaboración co Concello do Grove, segue a traballar no obxectivo de satisfacer as necesidades de todos os usuarios desta vía, os condutores e os peóns, coa creación dun espazo máis versátil e seguro

O Consello da Xunta autorizou hoxe o convenio de colaboración da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas co Concello do Grove, para impulsar a humanización da travesía da estrada PO-316 ao seu paso pola rúa Luís A. Mestre, cun orzamento global de 2,6M€.

Con este acordo trátase de intervir neste treito de titularidade autonómica, principal vía de acceso ao núcleo urbano do Grove, polo que soporta un tráfico intenso interurbano ademais do fluxo de vehículos pesados que acceden ao porto de Meloxo, desde a avenida de Portugal.

En concreto, a actuación desenvolverase ao longo dun tramo aproximado de 890 metros da PO-316, entre a rúa Borreiros e o desdoblamento da rúa da Praza (puntos quilométricos 5+000 e 5+890), coa finalidade última de satisfacer as necesidades de todos os usuarios, os condutores e os peóns, coa creación dun espazo máis versátil e seguro.

Na intervención propónse tamén a inclusión de elementos redutores de velocidade, xunto coa renovación de servizos urbanos como saneamento, abastecemento e iluminación pública.

Compromisos

No que se refire aos compromisos establecidos no convenio, a Xunta, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, asume o 65,38% do financiamento destas actuacións: 1.700.000 euros.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Pola súa banda, o Concello do Grove achega o 34,62% restante: 900.000 euros, e licitará e executará as obras.

Ademais, con este convenio a Administración local acepta a transferencia de todo o dominio público viario do treito da PO-316 entre os puntos quilométricos 4+440 e 5+510. A correspondente acta de entrega será asinada antes do inicio da execución das obras.

Cómpre lembrar que o Departamento de Infraestruturas da Xunta xa asinou co Concello do Grove un acordo previo para o cambio de titularidade, a prol da Administración local, do treito final da PO-316 (rúa Luis A. Mestre) situado entre os puntos quilométricos 5+510 e 5+890.

A finalidade última do Goberno galego nesta colaboración co Concello do Grove é satisfacer as necesidades de todos os usuarios desta vía, os condutores e os peóns, coa creación dun espazo máis versátil e seguro.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA LICITA POR MÁIS DE 10,7 M€ A CONSTRUCCIÓN DE 50 VIVENDAS DE PROMOCIÓN PÚBLICA EN NAVIA

- As obras son financiadas integramente con fondos da Comunidade Autónoma e os novos fogares constrúanse en dúas parcelas urbanizadas pola Xunta
- Actualmente, a Xunta xa ten nalgũa fase de execución 920 vivendas de promoción pública no concello de Vigo e avanza cara á consecución do compromiso de duplicar o parque público de vivenda antes do remate de 2028

A Xunta de Galicia construírá 50 novas vivendas de promoción pública en San Paio de Navia, no concello de Vigo, unha vez que o Goberno galego autorizou hoxe a licitación do contrato de construción destas vivendas por importe de máis de 10,7M€ (10.762.342,04 euros). A este investimento súmanse os preto de medio millón de euros da redacción do proxecto e dirección de obra, así como o valor da parcela, urbanizada pola Xunta.

A obra é financiada integramente con fondos da Comunidade Autónoma de Galicia.

O proxecto, redactado por Manuel Vázquez Fariña e Manuel Rodríguez Fontán, prevé a construción de dous edificios, un en cada parcela.

Na parcela M-IIIB-11 construírse un edificio para 18 vivendas, das cales 12 serán de tres dormitorios e seis de dous dormitorios, dúas das cales estarán adaptadas para o seu uso por persoas con mobilidade reducida.

Na parcela M-IIIB-12 construírse un edificio para 32 vivendas. Catorce vivendas disporán de dous dormitorios e seis de catro dormitorios.

Todas as vivendas disporán de praza de garaxe e rocho.

Actualmente, en Vigo, a Xunta de Galicia ten en marcha 920 vivendas de promoción pública en Navia, das 1.600 vivendas protexidas neste barrio, os PIA do Ofimático (2.000 vivendas, todas protexidas) e Cantabria-Ramón Nieto-Santa Cristina (1.392 vivendas, 80% protexidas).

O Goberno galego avanza así no compromiso de duplicar o parque de vivenda pública antes do remate de 2028, acadando as 8.000 unidades, que en 2030 se incrementarán ata 10.000 tal como establece o Pacto de vivenda de Galicia 2026-2030.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA INICIALMENTE O PROXECTO DE INTERESE AUTONÓMICO PARA DESENVOLVER SOLO EN PONTEVEDRA PARA 2.010 VIVENDAS

- Trátase do quinto dos doce PIA que tramita a Xunta que acada a aprobación inicial
- Unha vez aprobado, publicarase no *Diario Oficial de Galicia* e iniciarase un período de información pública para a presentación de achegas por un prazo de 15 días naturais
- A previsión é licitar a obra de urbanización no segundo semestre do 2027, para iniciala en 2028
- Neste momento están en tramitación nove PIA para a urbanización de solo para vivendas, das cales máis do 80 % serán protexidas, e licitada a redacción doutros dous (Marín e O Porriño) e iniciáronse os trámites do de Ribadeo
- No marco da Estratexia galega de solo residencial, a Xunta prevé desenvolver solo para 25.000 vivendas, das cales 20.000 serán protexidas

O Consello da Xunta aprobou hoxe inicialmente o Proxecto de interese autonómico (PIA) para desenvolver solo no ámbito SB2-fase II e SB5, na zona de San Mauro, en Pontevedra, onde se prevén 2.010 vivendas, maioritariamente protexidas. Trátase do quinto PIA que tramita a Xunta, que acada a aprobación inicial, no marco da Estratexia galega de solo residencial que está a levar a cabo o Goberno galego. O primeiro en acadar a aprobación inicial foi o PIA do Sagrado Corazón, en Lugo, e despois o do Ofimático, en Vigo, o da Baiuca, en Arteixo, e o do SU1 Escorial-Vinteún, en Ourense.

O ámbito do PIA abrangue aproximadamente 21,45 hectáreas, cuxo eixe central é o regato da Ponte do Couto, afluente do río Gafos.

O sector limita co desenvolvemento existente da cidade ao norte da estación de tren.

A proposta de ordenación prevé un número estimado de 2.010 vivendas (1.643 protexidas e 367 libres), que serán de dúas tipoloxías: vivenda colectiva en bloque aberto e vivenda unifamiliar.

A proposta conforma un gran parque fluvial continuo en todo o espazo fluvial do regato da Ponte do Couto, que mantén as súas características naturais actuais, que lle asigna unha gran calidade ambiental, e con moita permeabilidade ás edificacións propostas, de xeito que poidan parecer “edificios inseridos nun gran parque”. Ademais, incorpóranse áreas verdes complementarias distribuídas estratexicamente e moi ligadas ao gran parque fluvial.

Así mesmo, prevese a plantación ou conservación de 2.300 árbores, apostando pola conservación do arboredo ornamental e de ribeira existentes no interior do ámbito integrándoos dentro da súa principal e máis extensa zona verde.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Os equipamentos públicos de sistema xeral concéntranse nun grande espazo situado no cuadrante noroeste do ámbito, que delimita o sector nesa zona, unha das máis vencelladas á cidade consolidada existente e que conta con moi boas condicións de accesibilidade. Os equipamentos locais do sector sitúanse ao longo do percorrido do gran parque fluvial, tecendo así un conxunto dotacional lineal de espazos deportivos, socioculturais e mesmo educativos ou asistenciais no nivel de barrio, que teñan como fío condutor o parque fluvial.

O PIA prevé 570 prazas públicas de aparcamento e 2.278 privadas.

Estratexia galega de solo residencial

No marco da Estratexia galega de solo residencial, a Xunta prevé desenvolver solo para 25.000 vivendas, das cales 20.000 serán protexidas.

O Goberno galego ten en marcha doce proxectos de interese autonómico en once concellos.

Así, están en tramitación os PIA para desenvolver ámbitos en Pontevedra, Vigo (2), Ourense, Lugo, Arteixo, A Coruña, Santiago de Compostela e Vilagarcía de Arousa, e licitada a redacción dos de Marín e O Porriño. Ademais, no Consello da Xunta do 2 de febreiro de 2026 deuse conta do inicio da tramitación para abordar outro novo PIA, o décimo segundo, no concello de Ribadeo, onde se prevé desenvolver solo para 300 vivendas.

Contan xa con informe ambiental estratéxico os PIA da Coruña (Monte Mero), Lugo (Sagrado Corazón), Ourense (Escorial-Vinteún), Vigo (Ofimático), Arteixo (A Baiuca-Penouqueira) e Pontevedra (San Mauro) e Santiago de Compostela (SUD 1 Mallou).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA POR IMPORTE DE 3,2 M€ A CONTRATACIÓN DE IMPLANTES DE COLUMNA PARA A ÁREA SANITARIA DE VIGO

- O período de duración do contrato é de dous anos
- O número de unidades que se mercarán supera as 10.000, entre conectores, barras e mallas
- As lesións de columna constitúen un problema que cada vez afecta máis xente debido ao paso dos anos, os accidentes, sobreesforzos e malas posturas no día a día

O Consello da Xunta autorizou, na súa reunión semanal, a contratación da subministración sucesiva de implantes de columna e instrumentación necesaria para a súa implantación con destino á Área Sanitaria de Vigo, por importe de 3.267.000 euros e un período inicial de dous anos.

O contrato ten un valor estimado de 6.534.000 euros, atendendo á posible prórroga por outros dous anos máis.

O número de unidades que se mercarán no marco desta licitación supera as 10.000, entre conectores, barras, mallas, parafusos, etc., para placas cervicais, espazadores intersomáticos, sistemas de implantes para deformidades e fracturas do adulto, sistemas de implantes para columna dexenerativa, espazadores expansibles, etc.

As lesións de columna constitúen un problema que cada vez afecta máis xente debido ao paso dos anos, os accidentes, sobreesforzos e malas posturas no día a día. A cirurxía de columna descomprime, mobiliza os elementos e fixa estruturas vertebrais, recuperando a estabilidade do paciente e corrixindo a aliñación das vértebras.

Cómpre remarcar que na cirurxía de columna, dependendo da propia organización dos servizos de Neuroloxía e Traumatoloxía, aínda que se trata de servizos diferenciados, en moitos hospitais comparten equipamentos, dado que en ocasións as intervencións poden ser realizadas indistintamente por uns ou outros facultativos; por iso, é fundamental dispor do equipamento necesario para o máximo aproveitamento e rendemento da actividade cirúrxica.

Así mesmo, é moi importante dispor de instrumental en cantidade suficiente, ordenado e colocado nos seus respectivos contedores, para realizar o circuíto de esterilización postintervención, de tal forma que se poida desenvolver a actividade programada aproveitando ao máximo os tempos de quirófano. Ademais, o instrumental vai sufrindo desgaste polo uso e é preciso ir repóndoo nos centros con asiduidade, para que sempre estea en perfecto estado.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA POR 11,5 M€ A CONTRATACIÓN DE IMPLANTES PARA O TRATAMENTO DA DOR, XERADORES E BOMBAS CON DESTINO ÁS ÁREAS SANITARIAS DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

- O período de duración do contrato é de dous anos
- Trátase da primeira contratación centralizada deste tipo de dispositivos, o que suporá un aforro estimado de 297.969 euros por ano, é dicir, preto de 1,2 millóns de euros nos catro anos de contrato, tendo en conta as posibles prórrogas
- Prevese adquirir arredor de 1.700 unidades cada ano, atendendo aos consumos de exercicios anteriores

O Consello da Xunta autorizou a contratación, mediante acordo marco cun único adxudicatario, da subministración sucesiva de implantes para o tratamento da dor, xeradores e bombas con destino ás áreas sanitarias do Servizo Galego de Saúde, por un importe de licitación de 11.515.189 euros, para un período inicial de dous anos.

O valor estimado deste contrato ascende a 22.977.739 euros, tendo en conta a posible prórroga por outros dous anos máis.

Trátase da primeira contratación centralizada deste tipo de dispositivos, que suporá un aforro estimado de 297.969 euros por ano, é dicir, preto de 1,2 millóns de euros nos catro anos de contrato, atendendo ás posibles prórrogas.

Tratamento da dor crónica

Os implantes para o tratamento da dor obxecto deste contrato conforman un grupo composto fundamentalmente por bombas intratecais (dispositivo médico implantable que subministra medicación analxésica de forma continua e directa no espazo que rodea a medula espiñal) e neuroestimuladores para o tratamento da dor crónica e grave que non responde a outras modalidades de tratamento.

No caso dos neuroestimuladores, interrómpese ou modula a condución nerviosa (como a condución de sinais da dor) cara ao cerebro e o procedemento realízase en dúas etapas. Nunha primeira etapa, colócanse eléctrodos temporais e emprégase un dispositivo externo para xerar unha corrente eléctrica. Se nesta etapa se logra aliviar a dor, entón implántase o dispositivo permanente baixo a pel. A duración do procedemento é moi individualizada en función das dificultades propias de cada paciente.

O número de unidades que se mercarán nunha anualidade sitúase arredor das 1.700, atendendo aos consumos de anos anteriores.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CONTINÚA CO APOIO AO SECTOR AUDIOVISUAL CON NOVAS AXUDAS POR VALOR DE 2,2 M€ PARA A REALIZACIÓN DE RODAXES EN GALICIA

- A convocatoria mantén a mesma dotación que en 2025 para seguir a potenciar a nosa Comunidade como escenario de filmación de películas e series
- Os proxectos poden recibir ata 350.000 euros sempre que garantan 20 días de gravación durante non máis de seis semanas e un gasto mínimo entre 1M€ e 1,5M€

O Consello da Xunta autorizou hoxe as bases e a próxima publicación, en réxime de concorrència non competitiva, da convocatoria de axudas para a realización de rodaxes en Galicia durante 2026, a través da cal o sector audiovisual galego poderá optar este ano a un total de 2,2 M€ para a filmación de películas e series no territorio da nosa Comunidade.

O obxectivo desta liña de apoio, cofinanciada pola Unión Europea no marco do programa Galicia Feder 2021-2027, é estimular e impulsar a execución da actividade de rodaxe para fomentar a cadea de valor da industria audiovisual, a competitividade, o crecemento sustentable e o mantemento do emprego de calidade das empresas, así como situar Galicia como destino internacional neste ámbito. A convocatoria autorízase, ademais, só uns días despois de que o audiovisual galego faga historia coas candidaturas do filme *Sirat* de Oliver Laxe nos Premios Óscar.

Esta convocatoria, xunto á xa publicada por valor de 3,5 M€ dirixida á produción e coprodución, e outras centradas nas diferentes fases do proceso de creación e difusión audiovisual (promoción do talento, festivais cinematográficos, presenza en foros e mercados especializados, videoxogos ou posta en marcha de futuros proxectos), constitúen unha política global e integrada de apoio ao sector, pola que a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude canaliza máis de 6,5 M€ a través da Axencia Galega das Industrias Culturais. Queda pautado así un acompañamento económico ás empresas desde o xermolo e o desenvolvemento dos proxectos ata a súa produción, rodaxe, difusión, comercialización e exhibición.

Dúas modalidades

As bases para a atracción de rodaxes refírense a obras audiovisuais completas, e o proxecto subvencionable abrangue o conxunto das accións e actividades relacionadas coa produción audiovisual realizadas en Galicia, tanto as realizadas por empresas en calidade de produtoras maioritarias como de responsables en Galicia da produción executiva de dúas obras nos últimos cinco anos.

Prevense, ademais, dúas modalidades para optar a estas axudas: longametraxes de ficción que teñan un mínimo de 60 minutos de duración e series de ficción cunha duración mínima de experiencia do espectador de 150 minutos e que se corresponda

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

cunha primeira ou segunda tempada. Os importes que se van adxudicar oscilan, segundo os casos, entre os 300.000 e os 350.000 euros.

Entre outros requisitos, pídeselles tamén ás empresas que dispoñan dun financiamento previo acreditado do 60% sobre o custo total, que o gasto en Galicia se prevexa nun mínimo entre 1 M€ e 1,5 M€ e que a duración mínima da rodaxe efectiva sexa de 20 días laborables dentro dun período máximo de seis semanas.

Os gastos subvencionables poden abranguer persoal, escenografías, alugamento de estudos, camerinos ou equipamentos tecnolóxicos, maquinaria, seguros, custos indirectos, medidas sanitarias de aplicación, desprazamentos, aloxamento, manutención ou accións de publicidade e promoción.

Quinta convocatoria en seis anos

A de 2026 será a quinta convocatoria da Xunta de Galicia dirixida especificamente á atracción de rodaxes nos últimos seis anos. Esta medida, que naceu ao abeiro do *Hub Audiovisual-Industria Cultural* para contribuír a minimizar os efectos da pandemia, tivo continuidade en exercicios posteriores como canle importante no programa de subvencións ao sector.

Así, a través do *Hub*, en 2021/2022 obtiveron apoio por esta liña a longametraxes 13 exorcismos e as series *Argonautas*, *Hasta el cielo* e *Rapa*, e en 2022/2023 os filmes *Amigos hasta la muerte* e *Tratamos demasiado bien a las mujeres*, ademais das segundas tempadas das series *Operación Marea Negra* e *Rapa*.

Xa en 2024, foron beneficiarias *Romería*, *Rondallas*, *Dímelo bajito* e *Me has robado el corazón*, así como as series *Marusía* e *Clanes*. No pasado ano 2025 as adxudicatarias foron as películas *Dímelo en secreto*, *Operación Camarón 2*, *Pínkala*, *Serenade* e a segunda tempada da serie *Punto Nemo*.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA REFORZA A DOTACIÓN DE MEDIOS AÉREOS NA LOITA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS COA CONTRATACIÓN DO PRIMEIRO AVIÓN DE COORDINACIÓN

- O Consello do Goberno galego autorizou hoxe a contratación dun avión para a coordinación e observación por un importe de case 3,7 M€ para os anos 2026, 2027, 2028 e 2029, con posibilidade dunha prórroga de ata 18 meses
- A aeronave súmase aos outros dous helicópteros de coordinación con que xa conta na actualidade o Servizo de Prevención e Extinción de Incendios
- Este tipo de medios, complementarios aos de extinción, proporcionan datos esenciais en tempo real para a toma de decisións tácticas e estratéxicas, permiten unha supervisión continua do operativo, acceso visual a zonas ocultas pola orografía ou polo fume e facilitan a comunicación
- Con esta aeronave, o dispositivo autonómico contará cun total de 23 medios aéreos dependentes da Consellería e chegan a máis de 30 incluídos os do Goberno central
- O orzamento total este ano para medios aéreos aumenta ata os 19,56 millóns de euros, entre os cales se inclúe a contratación deste avión de coordinación e doutros dous novos avións de carga en terra que se incorporarán esta campaña ao dispositivo de loita contra o lume galego

O Consello da Xunta autorizou hoxe a contratación do primeiro avión para a coordinación e observación, destinado á prevención e defensa contra os incendios forestais. O período de contratación deste servizo é para as anualidades 2026, 2027, 2028 e 2029, por un importe de case 3,7 millóns de euros, que se poderán ampliar aos 5,77 millóns cunha prórroga de ata 18 meses máis e outras posibles modificacións. A aeronave súmase aos dous helicópteros de coordinación con que xa conta na actualidade o Servizo de Prevención e Extinción.

O novo contrato suporá que o dispositivo autonómico disporá dunha aeronave de coordinación e observación durante 552 días de servizo, cun total de 1.350 horas de voo no período de duración do contrato ata 2029. A aeronave contratada quedará á plena e exclusiva disposición da Consellería do Medio Rural para a súa aplicabilidade nas diferentes misións de loita contra os incendios, ou calquera outra relacionada con esta materia e que a Xunta dispoña, sempre de acordo coas prestacións técnicas dos aparellos.

Este tipo de medios, complementarios aos de extinción, proporcionan datos esenciais en tempo real para a toma de decisións tácticas e estratéxicas, permiten unha supervisión continua do operativo, acceso visual a zonas ocultas pola orografía ou polo fume e facilitan a comunicación entre todas as unidades aéreas e terrestres. Estes recursos achegan beneficios operativos esenciais, garantindo unha resposta coordinada, segura e efectiva ante os incendios forestais, optimizando recursos e minimizando riscos tanto para as persoas como para o contorno natural.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Coa suma desta aeronave, o dispositivo galego de loita contra o lume disporá dun total de 23 medios aéreos dependentes da Consellería. En total, contando os do Goberno central, serán máis de 30 os aparellos que traballan na extinción de incendios en Galicia neste 2026.

Case 20 millóns de euros para medios aéreos

O orzamento total este ano para medios aéreos aumenta ata os 19,56 millóns de euros, 3,7 millóns máis que no exercicio anterior, entre os cales se inclúen a contratación desta nova aeronave de coordinación. A maiores, este orzamento recolle outros dous avións de carga en terra para as anualidades 2026, 2027 e 2028, por un importe de 3,92 millóns de euros que se poderían ampliar ata case 5,49 cunha prórroga de 12 meses máis. Estes avións estarán plenamente integrados durante a campaña de alto risco deste ano.

O número medio de incendios e a simultaneidade na súa incidencia fan que a Xunta necesite dotarse, dentro do seu dispositivo público de prevención e defensa contra incendios, de medios aéreos que de forma rápida poidan acudir aos lumes e participar tanto na súa extinción como nas tarefas de vixilancia e coordinación de medios aéreos que participan nos labores de extinción.

O reforzo do dispositivo de prevención e defensa contra incendios forestais con medios aéreos como os avións, realizando tarefas de coordinación, ten resultados moi positivos. Son un medio que, debido á súa presteza e rapidez, resultan moi útiles para a realización de funcións de coordinación, observación e comunicación.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INFORMOU DA PRÓXIMA LICITACIÓN DAS OBRAS DO NOVO ALBERGUE DE PEREGRINOS EN DOZÓN

O albergue ocupará o edificio da antiga casa reitoral da igrexa de San Salvador do Castro, situada no lugar do Castro, e sumará 58 novas prazas á Rede pública do Xacobeo

O Consello da Xunta foi informado hoxe do proxecto de rehabilitación a través do cal se reformará a casa reitoral de Dozón para acoller un novo albergue de peregrinos, que sumará un novo establecemento á Rede pública de albergues do Xacobeo cun total de 58 novas prazas. A proposta ten un orzamento de 1,4 M€.

A antiga casa reitoral da igrexa de San Salvador do Castro, situada no lugar do Castro (Dozón), constitúe un exemplo destacado da arquitectura tradicional galega e do patrimonio vinculado á vida parroquial. Está situada nun tramo da Vía da Prata. A súa rehabilitación como albergue de peregrinos supón unha posta en valor tanto do edificio como da súa función histórica.

A intervención arquitectónica prevé respectar os elementos orixinais —como os muros de pedra ou a escaleira— ao tempo que incorpora solucións contemporáneas. Así, consolidaranse os muros de pedra da edificación, realizarase unha nova cuberta e recuperaranse as vigas de madeira que se poidan aproveitar. Outro dos elementos que se conservará é a cociña de leña existente na planta alta, que se trasladará de lugar para maior aproveitamento do espazo.

Para cubrir as necesidades programáticas e de número de camas, construírase un novo volume, integrado co orixinal e encostado aos restos dun muro de cantaría que conserva un arco de pedra. A nova edificación integra este muro e mantén unha volumetría acorde co resto de edificacións. Ademais, a adaptación do edificio como albergue fai necesarios outros novos espazos, como lavapés, comedor, lavandaría ou espazos de vestiario, aseo e ducha con praza adaptada.

Está previsto que se publique a licitación da obra na plataforma de contratos públicos de Galicia no mes de abril. A actuación conta cun prazo de execución previsto de 12 meses, polo que se espera que estea rematada para a acollida de peregrinos no Ano Xacobeo 2027.

Rede pública de albergues da Xunta

Coa incorporación do albergue de Dozón, a Rede pública de albergues da Xunta contará en 2027 con 78 instalacións públicas de aloxamento de peregrinos. Creada pola Xunta en 1992, a Rede toma como modelo a propia infraestrutura de hospitais medievais que percorría as distintas rutas. Ata a data converteuse nun dos "motores" de promoción e servizo no Camiño.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Actualmente, a rede está integrada por 77 albergues públicos. A vía que conta con maiores instalacións é o Camiño Francés, con 22 aloxamentos e un total de 1.513 prazas, seguida polo Camiño Mozárabe, con 15 albergues e 483 prazas. O albergue de Dozón formará parte da oferta deste tipo de aloxamentos desta última ruta.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A TEMPADA DE ACTIVIDADES DE LECER NO LITORAL GALEGO COMEZA ESTE VENRES CON ARREDOR DE 800 INSTALACIÓNS AUTORIZADAS PARA O DESFRUTE DA COSTA E DAS PRAIAS

- A Xunta outorgou máis de 750 títulos habilitantes para servizos e establecementos temporais como *chiringuitos*, terrazas, casetas de salvamento ou alugueiro de canoas e está a tramitar arredor de 80 expedientes máis
- Esta será a primeira tempada xestionada integramente polo Executivo galego desde que o pasado 1 de xullo asumiu a ordenación plena da franxa costeira e, a diferenza do que ocorría antes, apostou por homoxeneizar e unificar criterios
- O Consello analizou un informe que mostra que algo máis de 350 autorizacións se enmarcan nos plans de explotación aprobados a 18 concellos para xestionar por si mesmos estes servizos, e o resto correspóndense con solicitudes particulares
- O Goberno autonómico desenvolverá un plan de vixilancia para garantir a integridade e adecuada conservación da costa mediante a verificación do cumprimento dos termos e condicións dos títulos habilitantes outorgados
- Os propietarios de establecementos expendedores de comidas e bebidas no litoral poden solicitar axudas ata o vindeiro 4 de maio para adquirir mobiliario sustentable, instalar peches e sombreados ou apostar pola eficiencia enerxética das instalacións

A tempada de actividades de lecer no litoral de Galicia comeza este venres e estenderase ata o vindeiro 31 de outubro con arredor de 800 instalacións e servizos autorizados para o uso e disfrute da costa e das praias. Polo momento, a Xunta outorgou algo máis de 750 títulos habilitantes para servizos e establecementos temporais -como *chiringuitos*, terrazas, casetas de salvamento e alugueiro de canoas, entre outros- relacionados coa ocupación de espazos en zona de dominio público marítimo-terrestre (DPMT) ou de servidume de protección e, a maiores, está a tramitar arredor de 80 expedientes máis.

O Consello analizou hoxe un informe sobre os trámites realizados de cara á que será a primeira tempada xestionada de forma íntegra polo Executivo galego unha vez que o pasado 1 de xullo asumiu a xestión plena do litoral e despois da posta en marcha dunha estratexia integral para ordenar os usos do dominio público marítimo-terrestre con criterios ambientais, sociais e paisaxísticos para garantir a protección dos ecosistemas costeiros en equilibrio cun desenvolvemento económico sustentable.

Nesta estratexia optouse por homoxeneizar os criterios, exigencias e prazos das autorizacións en todas as provincias -a diferenza do que ocorría antes, cando o Goberno central aplicaba distintas medidas e fórmulas en cada provincia de xeito arbitrario- e por simplificar a tramitación.

As autorizacións de tempada dan cobertura a determinadas instalacións, actividades, eventos e servizos -principalmente relacionados co lecer- que se desenvolven nos meses

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

en que se adoita rexistrar mellor tempo -este ano fixouse entre o 27 de marzo e o 31 de outubro- e que requiren unicamente de infraestruturas desmontables, coa excepción das instalacións fixas existentes que contan con concesión ou autorización.

Os servizos de tempada no DPMT inclúen os establecementos expendedores de comidas e bebidas, terrazas e instalacións de alugueiro de equipamentos de praia, como hamacas, antucas, canoas, embarcacións de pedais e outros elementos de lecer. Mentres, na zona de servidume de protección os títulos concedidos son para *chiringuitos*, elementos desmontables (terrazas) asociados a establecementos fixos xa existentes e outras actividades de servizo para o desfrute do litoral e os usos comúns propios dese espazo.

Entre eses arredor de 800 servizos de tempada autorizados na costa galega, hai algo máis de 350 que se enmarcan nos plans de explotación presentados por 18 concellos galegos -7 da provincia da Coruña e 11 da de Pontevedra- que trasladaron á Xunta o seu interese en xestionar por si mesmos os servizos de tempada na zona de dominio público marítimo-terrestre do seu litoral. As súas solicitudes foron aprobadas para un período dun ano, con posibilidade de prórrogas ata os catro, e inclúen 118 autorizacións para *chiringuitos* ou terrazas, 228 para outras instalacións e servizos e 15 para eventos.

Mentres, nos concellos que carecen de plan de explotación abriuse a posibilidade de que os particulares presentasen solicitudes para os servizos de tempada en DPMT entre o 17 de novembro e o 31 de decembro do ano pasado, co resultado de preto de 290 autorizacións concedidas. A duración dos títulos é homoxénea nas tres provincias costeiras -por un ano, coa posibilidade de tres máis mediante prórrogas- e repártense en preto de 100 para *chiringuitos*/terrazas, arredor de 160 para outras instalacións e servizos e máis de 30 para eventos.

No caso das autorizacións en zonas de servidume de protección -que a Xunta xa outorgaba antes de asumir a xestión do DPMT e que se conceden por un prazo máximo de catro anos-, ascenden a 110 para esta tempada, practicamente todas para a instalación de establecementos expendedores de comidas e bebidas temporais e terrazas. Non obstante, seguramente a cifra aumentará, pois a maioría dos expedientes que están aínda en tramitación son para ofrecer servizos nesa área costeira.

O informe analizado polo Consello tamén dá conta do Plan de vixilancia da ocupación e uso do dominio público marítimo-terrestre no litoral de Galicia 2026 que vai despregar a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático para garantir a integridade e adecuada conservación da costa mediante a verificación do cumprimento dos termos e das condicións dos títulos habilitantes outorgados. Os técnicos encargados deste labor actuarán de forma coordinada cos axentes e vixilantes de recursos naturais dos servizos de Patrimonio Natural.

Liña de axudas

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O informe tamén salienta que este é o primeiro ano -unha vez asumida a xestión plena do litoral- que os propietarios de *chiringuitos* na costa galega poden solicitar axudas da Xunta para impulsar prácticas sustentables nos seus establecementos. O Executivo galego lanzou en febreiro a convocatoria destes apoios e ampliou o prazo para solicitálos ata o vindeiro 4 de maio, co fin de promover e facilitar a solicitude por parte dos titulares de *chiringuitos* –especialmente os autónomos- que só desenvolven esta actividade económica durante a tempada efectiva destes servizos.

Esta liña de apoios, que conta cun orzamento de 1 millón de euros, permitirá cubrir ata o 50% de cada proxecto subvencionable, cun investimento mínimo por solicitude de 1.500 euros e unha axuda máxima de 10.000 euros. En todo caso, cando se trate dunha adaptación integral aos prototipos de *Chiringuito* biosustentable gañadores do concurso de ideas desenvolvido pola Xunta, a axuda poderá chegar ata o 70% do gasto subvencionable cunha contía de ata 20.000 euros.

O obxectivo destas axudas é promover prácticas sustentables nos establecementos expendedores de comidas e bebidas na costa galega, favorecendo á vez a súa transición cara a establecementos máis eficientes, accesibles e integrados na paisaxe que compatibilicen a súa actividade económica coa conservación do contorno, tal e como fixa a Lei de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia (Loxilga).

Deste xeito, con estes apoios aspírase a fomentar que nestes establecementos de tempada se empreguen materiais reutilizables, reciclados, de baixo impacto ambiental ou con certificación ecolóxica, tanto na instalación de estruturas, solos e paneis como nos elementos de sombreado e protección solar ou no mobiliario.

Tamén serán subvencionables actuacións dirixidas tanto á redución e correcta xestión dos residuos como ao aforro dos consumos enerxéticos e de auga. Por último, financiaranse accións que promovan a accesibilidade universal mediante solucións respectuosas co contorno e a integración paisaxística.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

MÁIS DE 26.000 PERSOAS ACREDITAN AS SÚAS COMPETENCIAS PROFESIONAIS GRAZAS AO IMPULSO DA XUNTA AO PROCESO

- Este programa experimenta un forte crecemento no último lustro, despois de que o Goberno galego decidise facelo gratuito, o que lles facilita aos traballadores sen titulación oficial certificar a experiencia adquirida na súa traxectoria profesional
- Para mellorar o proceso, a Consellería Educación puxo en marcha unha vía exclusiva para empresas que funciona con axilidade de xeito colectivo e por sectores
- Co fin de avanzar neste eido, a Xunta ofrecerá agora novas opcións de acreditación específicas para pequenas empresas e para menores de 30 anos sen cualificación
- Un total de 32 centros educativos de toda Galicia participan neste procedemento en 25 especialidades, encabezadas por Comercio e márketing e Fabricación mecánica

Un total de 26.118 persoas lograron acreditar as súas competencias profesionais ao abeiro do procedemento habilitado pola Xunta de Galicia, a través do cal se certifica a experiencia adquirida polos traballadores na súa traxectoria laboral ou a través de vías non formais de formación. Desta cifra, máis da metade, en concreto 13.736 (o 53%), fixérono nos últimos cinco anos, logo de que a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP lle dera un impulso a esta acción ao facela gratuíta e incorporar, ademais da vía individual (pola que certificaron 18.989), a posibilidade de acollerse a el a través dunha modalidade colectiva para empresas (na cal houbo 7.129 certificacións).

Este procedemento é coñecido como ARA (Avaliación, recoñecemento e acreditación de competencias profesionais) e permite que persoas sen titulación oficial poidan acreditar de balde e facilmente os seus coñecementos e destrezas nun eido profesional concreto e obter certificados válidos para acceder a formación, emprego ou promoción interna.

Datos por xénero e grupos de idade

Por xénero, neste último lustro obtiveron acreditación profesional un total de 6.942 mulleres e 6.794 homes. Por grupos de idade, a maior parte das certificacións concéntranse no tramo de persoas de entre 30 e 54 anos (9.012 persoas acreditadas), seguido do de máis de 55 (4.030 persoas acreditadas) e do de 18 a 29 anos (685).

En total, recoñecéronse 151.594 estándares de competencia profesional (o 72% delas nos últimos cinco anos) de diferentes perfís, e participaron 65 empresas neste proceso enmarcado na Estratexia de formación profesional Galicia 2030 e no Plan FPGal360 para facilitar a cualificación e a titulación da cidadanía desde o sistema educativo.

En Galicia ofrecen este programa un total de 32 centros educativos encargados de recoñecer oficialmente as competencias profesionais en calquera das 25 familias impartidas da Comunidade Autónoma. Nesta liña, no último lustro, a familia de Comercio e márketing é a que aglutina un maior número de unidades de competencia

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

acreditadas (16.000), seguida nos primeiros postos da de Fabricación mecánica (14.347), de Servizos socioculturais e á comunidade (13.826) e de Administración e xestión (10.697).

O procedemento de acreditación recibirá un novo pulo a partir deste ano con novas liñas de actuación. A Consellería de Educación traballa xa nunha nova modalidade para pemes cun procedemento colectivo dirixido a empresas con menos de dez traballadores dun mesmo perfil, dando resposta ás demandas do sector produtivo. Tamén se porá en marcha outro dirixido á poboación de menos de 30 anos sen cualificación, co obxectivo de incrementar o número de persoas mozas cualificadas e favorecer a súa incorporación á formación permanente. Unha terceira novidade permitirá a acreditación das competencias básicas da poboación nos ámbitos matemático, comunicativo e dixital.

Beneficios para as persoas e as empresas

Esta acreditación ten un dobre beneficio tanto para os traballadores como para as empresas que deciden participar nel. Así pois, os profesionais obteñen un certificado oficial válido en todo o territorio nacional que demostra a súa experiencia e o seu coñecemento e que os pode axudar a mellorar o seu futuro laboral. Ademais, pode completar itinerarios formativos accedendo a certificados profesionais e a títulos de FP.

No que atinxe ás empresas, contribúe á mellora do seu capital humano e á responsabilidade social corporativa, ademais de adiantarse ante unha posible exigencia futura de titulacións para exercer determinadas profesións. Igualmente, as empresas que se suman aos procedementos ARA de certificación por parte da Xunta de Galicia obteñen beneficios nas licitacións públicas e nas convocatorias de I+D+I.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AMOSA O SEU COMPROMISO DE CUMPRIR COAS RECOMENDACIÓNS DO CONSELLO DE CONTAS AO ACEPTAR E IMPLANTAR NOVE DE CADA DEZ RECOMENDACIÓNS

- O 91 % das recomendacións formuladas nos informes de fiscalización recorrentes da xestión económico-financeira de Galicia están aceptadas.
- O 62% das recomendacións aceptadas nestes informes están implantadas.
- O reducido número de rexeitamentos (un 9 %) confirma un uso prudente e motivado desa opción, axustado a criterios técnicos

A Xunta amosa o seu compromiso de cumprir coas recomendacións do Consello de Contas, o órgano estatutario responsable do control externo da actividade económica e financeira do sector público na Comunidade galega, ao aceptar e implantar nove de cada dez recomendacións. Así se recolle nun informe presentado hoxe ao Consello de Goberno pola Consellería de Facenda e Administración Pública.

O 91 % das recomendacións formuladas nos informes de fiscalización están aceptadas, das cales un 62% están implantadas e una 38% en proceso de implantación. O elevado peso das recomendacións xa implantadas reflicte a capacidade efectiva de resposta institucional, mentres que as que están en proceso de implantación amosan os procesos de mellora en curso.

O seguimento das recomendacións constitúe un elemento esencial do sistema de control público, ao permitir avaliar non só a detección de deficiencias ou oportunidades de mellora, senón tamén a capacidade da organización administrativa para corrixilas, integralas nos seus procedementos e avanzar cara a modelos máis maduros de xestión, transparencia e rendición de contas.

Pola súa banda, o reducido número de rexeitamentos (un 9 %) confirma un uso prudente desa opción, sempre cunha motivación expresa baseada en criterios xurídicos, de eficiencia, proporcionalidade ou seguridade.

Informes recorrentes

O informe céntrase de xeito preferente, pero non exclusivo, nos informes recorrentes que o Consello de Contas realiza todos os anos, xa que afectan aspectos substanciais da xestión económico-financeira de Galicia, como o informe da Conta Xeral da C.A., o da Conta Xeral do Sergas, o do sector público instrumental, o do Fondo de Compensación Interterritorial ou o dos Fondos Europeos.

Entre as últimas recomendacións que foron tidas en conta destaca, por exemplo, no referido á Conta Xeral da Comunidade Autónoma, a mellora substancial da información incorporada na memoria. No que se refire aos fondos de compensación interterritorial (FCI), establecéronse sistemas contables específicos e identificáronse os gastos e ingresos asociados aos proxectos financiados por estes fondos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

En canto aos fondos europeos, incorporáronse estruturas de gobernanza e coordinación na súa xestión, ferramentas informatizadas de control e indicadores ou medidas de publicidade e transparencia mediante portais específicos e informes periódicos. Todo isto redunda no elevado nivel de cumprimento das exigencias da UE que presenta Galicia.

En relación coa Conta Xeral do Sergas, implantáronse melloras no ámbito contractual, na transparencia financeira e no contido da memoria. Ou, no que se refire ás entidades instrumentais, mellorouse a información económico-financeira en termos globais, ademais de crearse o Rexistro de Entidades.

Conclusións

O documento conclúe que o elevado grao de compromiso da Administración autonómica, coa aceptación e implantación das recomendacións do Consello de Contas, pon de manifesto a existencia dun nivel elevado de solidez, coherencia e capacidade de mellora da Administración autonómica, aliñado coas mellores prácticas de xestión dos recursos públicos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

GALICIA DEIXARÁ DE INGRESAR MÁIS DE 120 M€ NAS ARCAS AUTONÓMICAS POLAS MEDIDAS APROBADAS POLO GOBERNO CENTRAL PARA PALIAR OS EFECTOS DA GUERRA DE IRÁN

- As medidas con impacto fiscal anunciadas afectan a tributos cedidos ás comunidades, polo que o impacto da menor recadación repártese entre o Estado e as autonomías
- Enfócanse na redución do IVE e dos impostos especiais para carburantes, electricidade e gas
- Rueda alerta do “impacto directo na facenda autonómica” que é a que “sostén os servizos públicos” das comunidades

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, advertiu hoxe de que as novas medidas para paliar os efectos da guerra de Irán aprobadas polo Goberno central terán “un impacto directo nas arcas autonómicas” xa que Galicia “deixará de ingresar máis de 120 millóns de euros” nos tres meses que estas medidas estarán inicialmente en vigor.

As medidas con impacto fiscal anunciadas polo Goberno central enfócanse na redución do IVE e dos impostos especiais para os carburantes, electricidade e gas. Ao estar estes tributos cedidos ás Comunidades Autónomas, o impacto derivado da menor recadación repártese entre o Estado e as autonomías, en función da porcentaxe de cesión. Deste xeito, no IVE a cesión é do 50 %, mentres que nos impostos especiais esta cesión é do 58 %.

Os cálculos provisionais incluídos no informe da Consellería de Facenda e Administración Pública avaliado hoxe no Consello estiman que Galicia deixaría de recibir 40 millóns por cada mes que estea en vigor o decreto. “Hai un impacto na facenda das comunidades que son as que sosteñen os servizos públicos nas autonomías”, indicou Rueda.

O presidente autonómico lamentou que o Goberno central non tivese en conta ás comunidades á hora de aprobar as novas medidas e destacou que, posto que afecta a tributos que deixan de ingresar os territorios, na práctica isto significa que Galicia achegará un total de 120,6 millóns de euros ás medidas para paliar o impacto do conflito en Oriente Medio, unha aportación que aumentaría no caso de que se prorrogasen as medidas, tal e como sinala o propio Real Decreto Lei.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DÁ LUZ VERDE Á LICITACIÓN, POR MÁIS DE 3,6 M€, DAS OBRAS DE REFORZO DO FIRME EN TRES ESTRADAS AO SEU PASO POR DEZ CONCELLOS DA PROVINCIA DE LUGO

- intervírase en distintos treitos das vías da Xunta: LU-633, LU-546 E LU-621, nos seus percorridos polos concellos do Corgo, Portomarín, Pedrafita do Cebreiro, Baralla, Láncara, Paradela, O Páramo, Sarria, Triacastela e Monforte de Lemos
- A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas prevé licitar estas obras nas vindeiras semanas, para poder adxudicar e iniciar as obras neste mesmo ano
- O Goberno galego continúa a apostar pola mellora das características da rede actual de estradas de titularidade da Xunta, o que supón un menor custo de mantemento a longo prazo e unha mellora da seguridade viaria

O Consello da Xunta acaba de darlle luz verde á licitación das obras de reforzo do firme nas estradas de titularidade autonómica LU-633, LU-546 E LU-621, nos seus percorridos polos concellos da provincia de Lugo do Corgo, Portomarín, Pedrafita do Cebreiro, Baralla, Láncara, Paradela, O Páramo, Sarria, Triacastela e Monforte de Lemos.

As obras, que suporán un investimento autonómico de máis de 3,6M€ (3.629.679,91€), teñen como obxecto a rehabilitación da capa de rodaxe para mellorar as condicións de circulación nos distintos treitos destas estradas.

En concreto na LU-633, que comunica Pedrafita e o Alto do Hospital, intervírase en tres treitos que suman 48,50 quilómetros de lonxitude, e que se corresponden cos puntos quilométricos 0+000 a 13+500, 26+840 a 27+870 e 50+000 a 84+050.

Na estrada LU-546, Nadela-Monforte, intervírase en dous treitos, entre os quilómetros 10+085 a 13+700 e do 51+720 a 55+560, que suman en total os 7,4 quilómetros de lonxitude.

Finalmente, na estrada LU-621, que une A Pobra de San Xiao-Baralla, a intervención centrarase entre os puntos 11+300 a 19+000, co cal se actúa en total en 7,7 quilómetros de lonxitude desta vía.

En total, os treitos das tres estradas de titularidade da Xunta obxecto deste novo contrato de acondicionamento do firme superan os 63 quilómetros de lonxitude.

As actuacións consistirán na renovación superficial do firme existente nos distintos treitos destas vías de titularidade autonómica.

Ademais, complétase a actuación co repintado de todas as marcas viarias dos treitos de actuación, así como coa reposición da sinalización horizontal.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS


Todo isto, co fin de prolongar a vida útil do pavimento e mellorar a comodidade e seguridade dos usuarios das vías de titularidade autonómica.

As intervencións obxecto deste contrato non implican a realización de expropiación ningunha, xa que todas están incluídas dentro da franxa de dominio público.

A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas prevé licitar estas obras nas vindeiras semanas, para poder adxudicar e iniciar as obras neste mesmo ano. O prazo de execución das obras é de seis meses.

O Goberno galego segue a traballar e a apostar tamén pola mellora das características da Rede actual de estradas de titularidade autonómica, o que supón un menor custo de mantemento a longo prazo e unha mellora da seguridade viaria.

Plano de situación das estradas de titularidade da Xunta nas cales se intervirá:



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA ACORDA A LICITACIÓN, POR MÁIS DE 400.000 EUROS, DAS OBRAS PARA EXECUTAR UNHA SENDA PEONIL NA ESTRADA AC-862 EN ORTIGUEIRA

- Construírse un novo itinerario duns 500 metros de lonxitude que favoreza o tránsito peonil para as vivendas da contorna, e que permitirá unir o núcleo do municipio e o aparcadoiro que se habilita no Festival de Ortigueira
- Nas vindeiras semanas licitaranse as obras, tras ter en marcha o proceso de expropiacións dos terreos necesarios para executar a senda, co obxectivo de comezalas no último trimestre deste ano
- Na intervención tense en conta os accesos existentes con solucións estudadas para cada caso particular, así como a rede de camiños existente na contorna

O Consello da Xunta acordou hoxe a licitación das obras para construír unha senda peonil na estrada autonómica AC-862, ao seu paso polo concello de Ortigueira.

O inicio da tramitación para a contratación desta actuación de mellora da mobilidade e seguridade viaria, cuxas obras serán licitadas por un importe de 401.804 euros, permitirá executar un novo itinerario, de medio quilómetro de lonxitude, na marxe esquerda desta vía autonómica, situada entre os puntos quilométricos 52+290 e 52+809.

Esta nova intervención do Goberno galego na AC-862 ao seu paso polo municipio coruñés licitarase nas vindeiras semanas co obxectivo de poder iniciar a súa execución xa no último trimestre deste ano. O prazo de execución das obras é de 6 meses.


A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas convocou xa este pasado mércores, 18 de marzo, o levantamento de actas previas das expropiacións, e xa ten convocada a formalización das actas de ocupación para o vindeiro 20 de maio, logo de se producir o aboamento dos depósitos previos e indemnizacións por rápida ocupación.

O obxecto da actuación é a creación dunha senda peonil na marxe esquerda desta estrada AC-862, coa finalidade de mellorar a mobilidade sustentable cun tránsito peonil seguro entre o núcleo urbano e o aparcadoiro que o Concello de Ortigueira pon ao dispor dos asistentes ao festival que se celebra na localidade (Festival do Mundo Celta de Ortigueira).


A senda proxéctase en formigón, cun ancho de 2,02 m de xeito xeral, se ben resulta necesario dispor un estreitamento nunha zona concreta, debido á presenza dunha vivenda que limita o espazo dispoñible.

Realizaranse tamén todas as actuacións complementarias necesarias: drenaxe, sinalización horizontal e vertical... Así mesmo, na actuación proposta inclúese a definición de todos os accesos existentes con solucións particulares estudadas para cada caso particular, así como a rede de camiños existente na contorna.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



INFORMACIÓN AOS MEDIOS



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA DESTACA QUE A XUNTA INSTA O GOBERNO CENTRAL A GARANTIR A CONSERVACIÓN DO PAZO DE MEIRÁS E PERMITIR AS VISITAS PÚBLICAS

- Sinala que o Executivo galego reiterará a súa petición para xestionar este espazo, unha vez que o Estado leve a cabo as actuacións necesarias para a súa conservación e seguridade
- Así se recolle no informe avaliado hoxe polo Consello, no cal figuran os próximos pasos que vai dar a Administración autonómica en relación coas Torres de Meirás
- Informa que, de xeito paralelo, a Consellería de Cultura porá en marcha os traballos para elaborar un plan de usos que renove a proposta de 2020 e no cal se inclúa o legado de Emilia Pardo Bazán e o proceso polo que se converteu en propiedade do ditador
- No eido xurídico, o Goberno autonómico comunicarlle á Avogacía do Estado a súa intención de sumarse ao recurso que impida o pagamento da indemnización

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, destacou hoxe que a Xunta de Galicia porase en contacto co Goberno central para solicitar que se leven a cabo as obras necesarias para garantir a conservación do Pazo de Meirás e permitir así as visitas públicas ao interior do inmovible na súa totalidade. Así se recolle no informe avaliado hoxe polo Consello, no cal figuran os próximos pasos que vai dar a Administración autonómica en relación con este inmovible localizado no concello coruñés de Sada.

Así, tal e como figura no documento analizado hoxe no Consello, Rueda sinalou que o Executivo galego, como xa fixo en numerosas ocasións desde que se iniciou o proceso, volverá "manifestar ao Goberno central a intención da Xunta de facerse cargo da xestión do Pazo de Meirás". Para iso, iniciárase un proceso de diálogo co Goberno central no cal se seguirán criterios técnicos e xurídicos para valorar se a "fórmula máis axeitada" é a cesión de uso ou a transferencia da titularidade.

O titular do Goberno galego subliñou que esta solicitude farase unha vez que o Estado, actual titular do inmovible e, polo tanto, responsable da súa conservación, "realice as obras necesarias para garantir a conservación" tanto no interior como no exterior das Torres de Meirás. Este é un plan de rehabilitación integral que resulta especialmente necesario naqueles lugares que precisan dunha intervención urxente e que están impedindo que as visitas públicas se poidan facer na súa totalidade.

De xeito paralelo a este proceso, Rueda informou que a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude porá en marcha os traballos necesarios para elaborar unha proposta de plan de usos para as Torres de Meirás que renove a elaborada no ano 2020 e na cal se recolla a totalidade de toda a historia que atinxe ao Pazo de Meirás. Isto supón que se incluírá tanto o legado de Emilia Pardo Bazán, tal e como tamén solicitan outras administracións implicadas, como o proceso polo que se converteu en propiedade do ditador.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Deste xeito, o futuro plan de usos que propondrá a Xunta de Galicia partirá do documento elaborado en 2020, co obxectivo de converter o Pazo de Meirás nun equipamento útil para o ecosistema da creación cultural actual respectando a historia deste lugar e apostando por darlle un uso centrado no fomento da creación e na difusión da cultura galega contemporánea.

Ademais, como complemento ao traballo feito pola Consellería de Cultura, o Goberno galego propondrá a posta en marcha dun proceso participativo e aberto no cal poidan achegar as súas ideas e reflexións persoas e colectivos de diferentes sensibilidades e visións, co fin de acadar un documento plural e sólido en que toda a cidadanía se vexa representado.

O presidente lembrou que desde o punto de vista xurídico, a Xunta sempre apostou por adherirse ás accións xudiciais lideradas polo Goberno central desde que se iniciou o proceso de recuperación do Pazo de Meirás. Así será tamén en relación co pagamento da indemnización á familia Franco no caso de que a Avogacía do Estado decida continuar con este proceso. Cómpre lembrar que o traballo coordinado entre administracións, seguindo sempre criterios técnicos, foi o que permitiu completar o proceso con éxito e que o Pazo de Meirás sexa hoxe patrimonio público.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AMPLÍA OS MECANISMOS DE DETECCIÓN TEMPERÁ DE INCENDIOS FORESTAIS CUNHA NOVA APP PARA A CIDADANÍA, MÁIS CÁMARAS DE VIDEOVIXILANCIA E A IMPLANTACIÓN DA IA NO SISTEMA

- Trátase dalgunha das novidades do novo Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (Pladiga), que se presentará este venres no Consello Forestal
- Rueda resalta que a través da aplicación móbil, o cidadán poderá alertar sobre calquera incendio forestal, facilitando "datos de xeolocalización", ao mesmo tempo que terá a posibilidade de compartir fotografías ou vídeos
- Salienta a ampliación "nun 30% da rede de videovixilancia" ata chegar as 241 cámaras, nas que se introducirá intelixencia artificial para facilitar a detección de fume de xeito automático
- En materia de extinción e persoal, "incorporaranse 42 brigadas" de 4 compoñentes pensadas especificamente para reforzar o dispositivo na tempada de alto risco
- Ante a nova tipoloxía de lumes rexistrados nos últimos anos, ampliaranse a 15 o número de prazas da Unidade de Directores de Extinción (Udex), especializada nestes incendios
- Súmanse catro novos medios aéreos: dous avións de carga en terra e un de coordinación, máis un helicóptero pesado

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que o Goberno autonómico vai poñer en marcha "unha aplicación móbil para facilitar dar aviso dos conatos e lumes que perciban os cidadáns". O obxectivo é "que estea dispoñible no mes de xullo, no inicio da campaña de risco".

Esta é unha das principais novidades da actualización deste ano do Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (Pladiga), que se presentará este próximo venres no Consello Forestal e que incluírá novas medidas "no eido tecnolóxico, de persoal e de recursos".

Entre as novidades tecnolóxicas inclúese esta APP. A través dela búscase ampliar a rede colaborativa de vixilancia e prevención de incendios, unha liña estratéxica do Pladiga 2026, favorecendo que a cidadanía forme parte activa do sistema de alertas e complementando deste xeito a cooperación telefónica a través do 085 e o 112. Con tan só tres pulsacións, o usuario poderá alertar sobre a presenza de calquera incendio forestal, facilitando "os seus datos de xeolocalización", indicou o presidente, e achegando as coordenadas do punto aproximado e a súa situación sobre o mapa físico ou foto aérea. A maiores, ofrecerase tamén a posibilidade de realizar unha fotografía ou vídeo, engadir notas de voz e achegar observacións relevantes. As alertas recibiránse nos centros de coordinación provincial da Xunta.

Tamén no ámbito tecnolóxico, este ano ampliarase "nun 30% da rede de videovixilancia" que chegará a un total de 241 cámaras en 111 puntos distribuídos por todo o territorio

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

galego. Aproveitando esta extensa rede despregarase, na aplicación de xestión interna de incendios XeoCode, un sistema de intelixencia artificial (IA) que permitirá a detección automática e inmediata de fume e focos iniciais do incendio. A IA incorporada alertará de xeito automático tras un filtrado, para posteriormente comprobar o aviso de xeito manual por parte dos técnicos e iniciar o despregamento do operativo.

Outras das melloras tecnolóxicas será a dispoñibilidade de drons de vixilancia de última xeración a través dun convenio asinado entre a Consellería do Medio Rural e Abanca a finais de 2025. Mediante este acordo, Afundación cederá tres drons para a prevención e defensa fronte aos incendios forestais. Estes medios, que incorporan tecnoloxía punta de orixe galega, ofrecen a posibilidade de traballar en remoto e complementarán os recursos autonómicos nas tarefas de detección e prevención contra o lume. Actuarán especialmente naquelas zonas de difícil acceso ou con falta de cobertura para as cámaras de videovixilancia. Estarán localizados nas bases de helicópteros de Vilamaior, en Verín; na do Xurés, en Muíños; e na de Lomba, en Santa Comba.

Novas brigadas e reforzo dos equipos especializados en grandes lumes

En materia de extinción, e concretamente no eido do persoal, a actualización do Pladiga 2026 conta cunha serie de novidades que buscan reforzar o Servizo de Prevención e Defensa contra os incendios forestais (SPIF).

O dispositivo galego está sendo considerado un referente a nivel nacional e europeo, avalado polas diferentes estadías en Galicia de comunidades autónomas e doutros países da UE. As condicións laborais, tras procesos de estabilización no tempo, serviron para mellorar tamén cuestións vinculadas á seguridade e á adaptación dos lumes forestais actuais. Hoxe, a maior parte dos 3.000 efectivos traballan ao longo de 12 meses e un terzo fano este ano por primeira vez 9 meses, tras un proceso de mellora continuada no tempo. Unhas melloras que continúan en diferentes aspectos.

Precisamente, para a campaña actual de incendios estanse adoptando medidas orientadas a garantir a cobertura total das prazas de bombeiro forestal, determinado polo sistemas de estabilización, antes do 15 de xuño. Neste sentido, a principios de marzo mantívose unha reunión con todas as organizacións sindicais para abordar a planificación da provisión destas prazas. Presentouse ante os sindicatos unha programación para os vindeiros tres meses con fitos concretos. Ademais, a Consellería comprometeu a apertura de mesas de diálogo específicas para acordar melloras concretas vinculadas aos diferentes corpos de técnicos, axentes ambientais e bombeiros forestais que integran o SPIF.

Unha das principais novidades que incluírá a actualización do Pladiga deste ano "é a incorporación de 42 brigadas" de 4 compoñentes (1 xefe de brigada e 3 peóns). Serán brigadas especificamente pensadas para reforzar o dispositivo en tempada de alto risco. Isto suporá un aumento de 168 efectivos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Por outra banda, e precisamente para dar unha mellor resposta ante o novo tipo de incendios rexistrados nos últimos anos e os GIF (grandes incendios forestais), tamén se reforzará a unidade especializada neste tipo de lumes, a Udex (Unidade de Directores de Extinción). Neste sentido, ampliarase o seu número de efectivos dos 6 actuais ata un total de 15, co obxectivo de dispor de equipos multidisciplinares especializados na xestión de incendios de interface urbana forestal.

Así mesmo, tamén se prevé o reforzo da operatividade do Equipo Batracio, unha unidade multidisciplinar con alto grao de autonomía operativa e plenamente integrada no dispositivo de intervención en GIF, mediante a implantación dun sistema de dispoñibilidade específica que permita aumentar a capacidade de resposta inmediata ante episodios de alta intensidade.

Máis medios materiais

O dispositivo contará desde este ano con dous novos avións de carga en terra e un avión de coordinación, cuxa autorización de contratación se elevou tamén a este Consello da Xunta. Así mesmo, tamén está prevista unha nova licitación dun helicóptero pesado con maior volume de descarga. A maiores, seguirase avanzando na mellora das infraestruturas de loita contra o lume, especialmente nas bases aéreas, mellorando as existentes e construíndo outras novas. Destacan a base de helicópteros de Lalín, xa en construción, e o novo aeródromo de Valga.

A estas medidas súmase o despregamento de dos 18 lotes de maquinaria pesada ao longo de todo o territorio galego, así como 16 novos bulldozers, que desenvolverán labores preventivos no monte e que poderían ser mobilizados en caso necesario para tarefas de extinción. En total, disporase de 34 unidades, de gran eficacia nas fases de ataque directo, remate e liquidación do lume, así como no traballo preventivo.

Actualización do Pladiga

O Pladiga é un documento que se actualiza anualmente e o cal ten por obxecto o establecemento da organización e o procedemento de actuación dos recursos e servizos para facer fronte aos incendios forestais dentro do territorio galego. Está integrado por catro plans: o de prevención; o de detección, disuasión, investigación e medidas correctoras; o de extinción, e o de formación, nos cales se recollen accións para levar a cabo en cada un destes ámbitos. Unha vez oído o Consello Forestal, a actualización aprobarase polo Consello da Xunta.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA QUE A XUNTA DESTINA 22,7 M€ A MEDIDAS PARA A RECUPERACIÓN E REXENERACIÓN DOS BANCOS MARISQUEIROS AFECTADOS POLOS TEMPORAIS

- A finalidade é paliar os episodios da baixa salinidade que provocaron importantes mortalidades de moluscos nas rías galegas
- Salienta que se asinarán convenios coas confrarías e entidades xestoras dos plans por importe de 19,2 M€,
- Ademais, haberá "1,5 M€ para repoboación de especies e outros 2 M€ para o reforzo de proxectos de restauración da biodiversidade mariña"
- A conselleira do Mar salienta que o obxectivo é "dar unha resposta integral" con medidas "económicas, sociais e medio ambientais"

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que o Consello autorizou unha inxección de 22,7 millóns de euros para "medidas de recuperación e rexeneración dos bancos marisqueiros" afectados polos temporais das últimas semanas que provocaron episodios de baixa salinidade e, en consecuencia, importantes mortalidades de moluscos bivalvos nas rías galegas.

A conselleira do Mar, Marta Villaverde, indicou que o obxectivo da Xunta é dar "una resposta integral" con medidas "económicas, sociais e medio ambientais" a curto, medio e longo prazo. Nesta liña, fixo fincapé e que non se trata de buscar "remedios puntuais" senón traballar man a man co sector para garantir a rexeneración dos bancos afectados.

Desta cantidade, tal e como explicou, "19,2 millóns destinaranse a convenios de colaboración coas confrarías e entidades xestoras dos plans de marisqueo", co fin de afondar na restauración dos hábitats e zonas de produción e na execución de tarefas como sementeiras, limpeza, acondicionamento do substrato ou control de depredadores.

O Consello da Xunta deu conta do informe da Consellería do Mar que recolle o detalle destas medidas, que son o resultado do Plan de actuación posto en marcha polo Goberno galego unha vez finalizado o fenómeno meteorolóxico. Os traballos que se realizaron permitiron identificar o grao de afectación dos bancos e activar medidas inmediatas para minimizar o impacto dos temporais. Na maioría dos casos pode derivar na suspensión temporal da actividade extractiva nas zonas con mortalidade severa ou moderada, co obxectivo de protexer os exemplares superviventes e favorecer a recuperación natural dos bancos.

Os convenios que se subscribirán de xeito bilateral entre a Consellería do Mar e cada unha das confrarías ou entidades titulares do plan correspondente teñen como obxectivo mellorar a produtividade dos bancos afectados de maneira moderada ou severa por eses temporais. Os convenios incluírán plans de recuperación específicos que

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

serán elaborados polas propias confrarías ou entidades, que son as que mellor coñecen as circunstancias de cada banco marisqueiro en que traballan, e tamén figurarán as tarefas que se van realizar. Os técnicos da Consellería revisarán e validarán cada un deses plans e as confrarías deberán realizar un control efectivo das persoas participantes nas tarefas encomendadas.

A sinatura destes convenios por parte das entidades posibilitará a remuneración dos traballos que as persoas mariscadoras deben realizar de cara á recuperación e rexeneración dos bancos, ademais dos gastos en que incorran as confrarías na materialización destas tarefas. O proceso farase da man do sector e, polo tanto, a sinatura do convenio evidenciará o compromiso entre a Administración galega a as entidades sectoriais de realizar os traballos necesarios e estipulados.

Máis medidas

Ademais de asinar convenios coas confrarías máis afectadas, o informe inclúe outras medidas, "como destinar 1,5 millóns de euros para a repoboación de especies e 2 millóns para reforzar proxectos de conservación e restauración da biodiversidade mariña", indicou o presidente.

De xeito complementario, a Consellería do Mar tamén prevé a prórroga dos plans de xestión marisqueira ata o ano 2029 e propor a modificación da normativa estatal para mellorar a protección das mariscadoras a pé. Así mesmo, o documento recolle outras accións xa iniciadas, como a solicitude de exención das cotas da Seguridade Social para profesionais afectadas pola suspensión da actividade, a posta en marcha do Plan de acción do marisqueo 2026-2031, o desenvolvemento de proxectos innovadores como MaruxIA, o impulso de sistemas de preengorda de semente e a posta en funcionamento do *hatchery* do Vicedo.

Tal e como resaltou a conselleira, todas as medidas están baseadas en criterios "científicos rigorosos e na colaboración co sector", e teñen como finalidade acelerar a recuperación dos ecosistemas mariños, garantir a sustentabilidade dunha actividade clave para o litoral galego e a estabilidade socioeconómica das zonas costeiras de Galicia.